

## Trofeo Atletismo Mazí - Cidade de Vilagarcía

21/02/2016

CARREIRAS			HORA	CONCURSOS		
60 m. vallas (0.726)	Mulleres	INF.	10:00	Lonxitude	Mulleres	INF.
				Lonxitude	Homes	INF.
				Altura	Homes/Mulleres	BNX.
				Peso 2 kg	Homes/Mulleres	ALV.
50 m.l.	Mulleres	BNX.	10:10			
50 m.l.	Homes	BNX.	10:20			
60 m.l.	Mulleres	ALV.	10:30			
60 m.l.	Homes	ALV.	10:40			
60 m.l.	Mulleres	INF.	10:50			
60 m.l.	Homes	INF.	11:00	Altura	Homes/Mulleres	ALV.
500 m.l.	Homes/Mulleres	INF.	11:10	Lonxitude	Mulleres	BNX.
				Lonxitude	Homes	BNX.
500 m.l.	Homes/Mulleres	ALV.	11:25			
			11:30	Peso 3 kg	Homes/Mulleres	INF.
500 m.l.	Homes/Mulleres	BNX.	11:40			
	Mulleres	PREB.	11:55			
			12:00	Altura	Homes/Mulleres	INF.
50 m.l. <sup>(1)</sup>	Homes	PREB.	12:05			
4x50 m.l.	Homes	BNX.	12:15			
			12:20	Lonxitude	Mulleres	ALV.
				Lonxitude	Homes	ALV.
4x50 m.l.	Mulleres	BNX.	12:25			
4x60 m.l.	Homes	ALV.	12:35			
4x60 m.l.	Mulleres	ALV.	12:50			
4x60 m.l.	Homes	INF.	13:05			
4x60 m.l.	Mulleres	INF.	13:20			
<b>ENTREGA DE MEDALLAS</b>			<b>13:30</b>	<b>ENTREGA DE MEDALLAS</b>		

<sup>(1)</sup> Proba non oficial o non ter licencia escolar ou federada

## REGULAMENTO

**Art.1.-** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Art.2.-** As inscricións faranse a través do sistema online da web de RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:59 horas do Mércores 17/02/2016.

**Art.3.-** As inscricións da categoría Prebenxamín (nados no ano 2009-2010), farase enviando un correo electrónico a [atletismomazi@gmail.com](mailto:atletismomazi@gmail.com) indicando: nome e apelidos, data de nacemento e DNI do atleta. Ademais o nome, apelidos e DNI do titor, xunto cun teléfono de contacto ata as 23:59 horas do Mércores 17/02/2016.

**Art.4.-** A organización dará acreditacións para que os adestradores poidan estar dentro da pista e facilitar a súa labor. Estas acreditacións repartiranse en función do número de inscritos de cada Club (ata un máximo de 4).

Para solicitálas os Clubs deberán enviar un correo electrónico a [atletismomazi@gmail.com](mailto:atletismomazi@gmail.com) indicando:

- nome e apelidos, DNI e cargo no Club da persoa ou persoas a acreditar
- número total de atletas inscritos na proba

**Art.5.-** Limitación de probas: cada atleta só poderá participar en 2 probas seguindo esta limitación (1 carreira + 1 concurso ou 2 concursos) e máis o relevo.

**Art.6.-** Táboas de lonxitude: estarán a 1 metro en Benxamín, e a 2 metros en Alevín e Infantil.

**Art.7.-** Nas probas de concursos todos os participantes farán 3 intentos. Poderase modificar o número de intentos en función do número de inscritos.

**Art.8.-** As cadencias das probas de saltos serán as que seguen:

- **ALTURA BNX.:** 0.80 – 0.85 – 0.90 – 0.95 – 1.00 – 1.03 – 1.06 e de 3 en 3 cm.
- **ALTURA ALV.:** 0.85 – 0.95 – 1.00 – 1.05 – 1.10 – 1.13 – 1.16 e de 3 en 3 cm.
- **ALTURA INF.:** 1.00 – 1.10 – 1.15 – 1.20 – 1.23 – 1.26 e de 3 en 3 cm.

**Art.9.-** A recollida de dorsais realizarase na secretaría da competición ata **45 minutos antes do comezo da proba**, sendo estes recollidos polos delegados dos Clubs.

**Art.10.-** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal. A organización non facilitará imperdibles.

**Art.11.-** Outorgaranse medallas nas categorías Benxamín, Alevín e Infantil ata o quinto clasificado de cada proba, categoría e sexo. Excepto nas probas de relevos onde só se outorgarán medallas os tres primeiros clasificados. Tódolos participantes en categoría Prebenxamín levarán medalla.

**Art.12.-** Tódolos participantes estarán cubertos polo Seguro de Accidentes Deportivos da F.G.A. No caso da categoría Prebenxamín estarán cubertos por un seguro de Accidente Deportivo Específico.

**Art.13.-** Tódolos atletas ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

**Art.14.-** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.

**Art.15.-** A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que se puidesen producir.